

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XULLO DE 2018**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xullo 2018	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2018	20
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2018.....	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	27
9	RAIOS.....	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 27/11/2018



Mes cambiante, con tendencia xeral a húmido e cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo quedou novamente determinado por unha alta variabilidade nas situacións sinópticas, pero en xeral pódese dicir que a situación máis frecuente nesta época do ano, que sería aquela na que as altas presións están ao norte da península Ibérica, foi neste 2018 bastante escasa. As situacións intermedias foron as máis predominantes, con influencias de baixas presións atlánticas ou de zonas de aire frío en altura e co anticiclón bastante debilitado ao oeste dos Azores.

Así, o mes comezaba nas dúas primeiras xornadas cunha baixa relativa preto de Galicia que aportaba inestabilidade e aire fresco e húmido, de xeito que tivemos días de ceo moi anubrado, chuvias persistentes e bastante xeneralizadas e temperaturas escasas para a época do ano.

A situación foi mellorando lentamente nas xornadas entre o 3 e o 5, aínda que predominaron os ceos anubrados e as temperaturas suaves.

Non foi ata a xornada do 6 cando as altas presións tiveron a súa primeira entrada dende Azores. Aínda así o anticiclón non foi quen de eliminar completamente as zonas de aire frío en altura, polo que entre o 6 e o 8 tivemos 3 xornadas semellantes, con ceo despexado pola mañá, nubes de evolución no interior e posteriores tormentas, localmente fortes, como a que o sábado 7 afectaba ao concello de Xunqueira de Espadañedo.

O período entre o 9 e o 11 caracterizouse en xeral pola escaseza destas tormentas, aínda que continuaron a formarse de xeito illado en puntos do interior. Tamén quedaron determinadas estas 3 xornadas polas néboas costeiras, que neste caso afectaron principalmente a puntos das Rías Baixas.

Os días 12 e 13 as tormentas colleron forza pola presenza dunha nova bolsa de aire frío que chegaba en diagonal polo Atlántico dende o sur de Groenlandia. Estas tormentas continuaron o día 15 no extremo leste, pero desapareceron do oeste pola entrada dunha masa de aire máis fría en superficie que deixou unha xornada de ceos máis anubrados e algunhas chuvias febles no litoral.

Entre os días 16 e 21 a situación foi relativamente tranquila na atmosfera, con situacións intermedias entre altas e baixas presións que deixaron xornadas cun contraste entre o norte, con máis nubes e menos temperatura, e o sur, onde o ceo quedaba máis despexado pola tarde.

Nas xornadas do 22 e 23 esta influencia do anticiclón foi algo máis nítida, con situación de sol e temperatura normal para a época do ano, aínda que na xornada do 23 vimos de novo a entrada de néboas polo litoral atlántico.

O 24 o anticiclón estivo algo máis débil, polo que o predominio foi para os ceos anubrados, quedando de novo máis abertos o 25.

No período entre o 26 e o 28 regresamos a unha situación intermedia, con nubes pola mañá e apertura de grandes claros durante a tarde, claros que foron máis tímidos na tarde do 27.

A borrasca localizada ao oeste de Irlanda tivo máis presenza os días 29 e 30, polo que as nubes, as temperaturas baixas para a época do ano e as chuvias febles foron protagonistas.

Finalmente no derradeiro día do mes o anticiclón volveu a predominar e os ceos foron quedando despexados progresivamente.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) non se destaca ningunha anomalía sobre Galicia, o cal é reflexo de que o mes se comportou dentro da normalidade climatolóxica. Sen embargo, a anomalía positiva presente cara o oeste da Península indica que o anticiclón dos Azores estivo máis ao sur do que debería estar para a época do ano, provocando así a entrada de aire frío en Galicia procedente da anomalía negativa situada sobre Groenlandia e o Atlántico Norte.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. xullo-2018.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. xullo-2018.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XULLO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.3/19.7	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.9/17.1	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	15.2/15.5 (día 21/6)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	19.0/19.1 (día 26)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	21.7/22.3	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	25.0/25.9 (día 9)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.2/19.8 (día 11)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	15	22-34	100 (1971)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	22 (1936)	0 (2016)

Comentario: O mes de xullo resultou moi cálido nas mínimas e lixeiramente cálido nas máximas. A precipitación acumulada foi inferior ao rango de valores normais, polo que se considera un mes seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia que inferior ao valor climático agardado.

..

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

SANTIAGO

	XULLO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.9	19.6	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	15.6	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	12.9 (día 29)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	21.2 (día 9)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	22.3	24.8	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	27.0 (día 9)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	16.6 (día 1)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	52	25-45	154 (2009)	1 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	6	6	12 (1995)	1 (2016)

Comentario: Mes normal na temperatura media, pero con mínimas moi cálidas e máximas moi frías, respecto aos valores climáticos.

A precipitación acumulada foi superior ao rango de valores normais, considerándose polo tanto, o mes húmido. O número de días de chuvia coincide co valor climático.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018



LUGO

	XULLO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.1	18.8	21.6 (2013)	16.9 (1981)
Tª mínima media	15.1	12.9	15.2 (2013)	11.0 (1993)
Tª mínima absoluta	11.5 (día 21)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	18.5 (día 25)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	25.1	24.7	29.1 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	32.6 (día 23)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.6 (día 19)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	21	21-29	77 (1983)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	8 (1983)	0 (1986)

Comentario: Mes moi cálido nas temperaturas medias, sendo as máximas lixeiramente cálidas e as mínimas extremadamente cálidas.

A precipitación rexistrada estivo en valores normais ao igual que o número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.7	20.3	22.9 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	15.9	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	11.6 (día 29)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	17.8 (día 13)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	23.6	25.9	29.4 (2016)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 8)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	19.7 (día 2)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	32	22-37	166(1971)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	6	5	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes normal para a temperatura media pero moi frío para as máximas e moi cálido para as mínimas..

A precipitación rexistrada estivo en valores normais ao igual que o número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	XULLO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.9	22.5	25.0 (2013)	19.0 (1977)
Tª mínima media	16.7	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	11.1 (día 21)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.6 (día 11)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	29.1	30.2	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	34.5 (día 10)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	23.0 (día 1)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	25	9-19	69 (2009)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	4	3	15 (1983)	0 (2016)

Comentario: Mes lixeiramente cálido para a temperatura media pero frío para as máximas e extremadamente cálido para as mínimas..

A precipitación rexistrada estivo por riba dos valores normais, polo que se considera un mes húmido, mentres que o número de días de chuvia foi semellante ao climático.

*,
* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2018. Temperatura: 1972-2018

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral algo por riba das normais dun mes de xullo. A anomalía foi máis acusada nos valores máximos diúrnos (valores moi por debaixo do agardado), xa que tivemos escasas xornadas de sol e calor e moitas con situacións intermedias de nubes durante as mañás, o que explica que as temperaturas eran moi suaves na madrugada (mínimas en xeral moi cálidas) e ceos máis abertos polas tardes, pero sen acadar rexistros significativos de temperatura.

5.1. Temperatura media das máximas.





Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2018.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 23.4 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas montañas do terzo norte e leste da Comunidade, con valores próximos aos 17 °C e os valores máis altos nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil e na comarca de Verín, onde o valor medio de temperatura máxima estivo preto dos 30°C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo para o territorio galego foi de 14°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e zonas montañosas de Ourense e Lugo, onde se acadaron valores próximos aos 9°C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo, onde se acadaron os 17 °C.



Tmín - 07/2018

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2018.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xullo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 0.4 °C. En xeral as anomalías foron lixeiramente positivas, excepto na provincia de Ourense, onde na Baixa Limia, Terras de Caldelas e Trives, zonas altas de Valdeorras e Manzaneda foron negativas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente na provincia de A Coruña. No referido ás máis baixas, destacan as localidades de Ourense (Táboa 2) con temperaturas frías para a época do ano, chegando incluso a ter anomalías superiores a -1°C .

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Cambre	A Coruña	2.0
Begonte	Lugo	1.7
Ortigueira	A Coruña	1.6
Rábade	Lugo	1.6
Gondomar	Pontevedra	1.6
Outeiro de Rei	Lugo	1.6
Cerdido	A Coruña	1.5
Arteixo	A Coruña	1.5
San Sadurniño	A Coruña	1.5
Bergondo	A Coruña	1.5

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Mezquita (A)	Ourense	-1.2
Veiga (A)	Ourense	-1.2
Vilariño de Conso	Ourense	-1.2
Calvos de Randín	Ourense	-1.1
Porqueira	Ourense	-0.9
Entrimo	Ourense	-0.9
Montederramo	Ourense	-0.8
Viana do Bolo	Ourense	-0.8
Bande	Ourense	-0.7
Lobeira	Ourense	-0.7

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 9 e 23 de xullo deixaron en Galicia as temperaturas máis altas en moitas localidades de Ourense, tanto por debaixo como por riba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/07/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	37.9
09/07/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	36.3
09/07/2018	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	35.7
09/07/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	35.5
23/07/2018	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	34.6
10/07/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	34.5
23/07/2018	Míllara	PANTÓN	Lugo	34.4
10/07/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	34.3
23/07/2018	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	34.3
09/07/2018	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	33.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/07/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	30.3
10/07/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.0
23/07/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.6
23/07/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.3
09/07/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	26.8
23/07/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	25.9
23/07/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	25.5
23/07/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	25.2
23/07/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	25.2
23/07/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	24.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacaron os días 21 e 29, onde se acadaron as temperaturas mínimas máis baixas nos dous rangos de altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/07/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	5.1
04/07/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	6.2
29/07/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	6.5
05/07/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	6.9
21/07/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	6.9
29/07/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	7.2
21/07/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	7.2
03/07/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	7.4
21/07/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	7.6
04/07/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	8.2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/07/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	3.3
21/07/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	4.3
29/07/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	6.5
21/07/2018	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	6.5
21/07/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	7.2
21/07/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	7.3
21/07/2018	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	7.5
29/07/2018	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	7.6
21/07/2018	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	8.1
21/07/2018	Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	8.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2018 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 20.0 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para xullo.

A anomalía da temperatura media para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.32 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. O contraste entre as máximas e as mínimas foi moi significativo. As máximas resultaron frías para a época do ano, mentres que as mínimas foron moi cálidas. No mes de xullo de 2014, acadouse xa, unha anomalía positiva inferior á deste ano.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral algo por riba do normal en xullo. Esta anomalía na costa é debida principalmente ás chuvias rexistradas nos dous primeiros días do mes e tamén ao final do mesmo, principalmente o día 30. No interior as chuvias estiveron máis determinadas polos fenómenos tormentosos que tiveron lugar principalmente na primeira quincena, polo que a distribución das chuvias é máis irregular.

A chuvia media no mes de xullo obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 48.9 L/m², resultando un mes de xullo húmido en xeral. Os valores máis altos foron principalmente os rexistrados nas comarcas da Fonsagrada e Sarria e macizo de Manzaneda, por riba dos 100 L/m². Os valores máis baixos acadáronse principalmente en zonas de Ourense, con valores por debaixo dos 15 l/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual xullo 2018




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2018.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 15 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Pódese observar, claramente, o exceso de precipitación que se produciu principalmente no norte e leste de Lugo e no macizo de Manzaneda. O resto da Comunidade presentou valores por debaixo do normal, destacando áreas da provincia de Ourense, con valores entre un 20 e un 40% do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2018.

6.3. Días de chuvia en xullo de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 5.3. Os valores máis altos tiveron lugar no litoral de Lugo, en concreto en Fragavella, onde se alcanzaron os 14 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse no concello de Verín con apenas un día de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2018.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 100 L/m², en moitas localidades. Nas primeiras xornadas do mes moitos puntos de Galicia rexistraron os valores acumulados máis importantes debido ás inestabilidades producidas pola presenza das baixas presións. Ademais, pola metade do mes tamén se acadaron valores altos debido ás treboadas.



Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	135
O Xipro	A FONSAGRADA	Lugo	133
Cespón	BOIRO	A Coruña	107
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	101
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	101
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	100
Abradelo	SAMOS	Lugo	91
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	89
Xares	A VEIGA	Ourense	87
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	87

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	107	15/07/2018 4:20
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	75	07/07/2018 3:00
Morelle	SARRIA	Lugo	62	14/07/2018 22:10
Muralla	LOUSAME	A Coruña	55	01/07/2018 10:50
Cespón	BOIRO	A Coruña	55	29/07/2018 15:30
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	54	14/07/2018 17:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	48	01/07/2018 13:50
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	47	01/07/2018 7:10
Abradelo	SAMOS	Lugo	46	14/07/2018 21:30
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	41	01/07/2018 11:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2018.

6.4. Evolución da precipitación en xullo de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 40 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 24 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O ano 2014 foi o ano precedente máis húmido.












Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Neste mes de xullo non houbo ningunha estación que rexistrase refachos máximos superiores aos 100 km/h.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	71.0	NE	17		
		Día 9				
Pta. Candieira	Cedeira	89.0	NE	8		
		Día 12				
Malpica	Malpica	59.1	E	7		
		Día 29				
Marco da Curra	Monfero	64.7	NE	11		
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xullo de 2018 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	58.3	E	9		
		Día 29				
Ancares	Cervantes	63.5	NE	15		
		Día 1				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xullo de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	56.2	O	14		
		Día 23				
Rodicio	Maceda	45.9	NE	18		
		Día 7				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	38.2	NO	52		
		Día 2				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xullo de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	58.8	S	24		
		Día 1				
Ons	Bueu	57.0	NO	11		
		Día 1				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xullo de 2018 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2018.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de xullo 9065 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente na segunda metade do mes (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xullo de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Ourense rexistrou, con moita diferenza, a maior cantidade de raios, case a metade do número total do mes. Mentres, A Coruña e Lugo presentan un rexistro similar.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xullo de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Neste mes rexistrouse o valor máis alto da serie, superando en máis do dobre ao ano anterior.

Raios rexistrados en xullo




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
A Coruña																												
A Gándara	16.6	20.07	27.1	9	14.2	12.4	29	53	15.1	2	-46	90	98	74	--	--	1823	16	70	29	970	13	0					
Aldea Nova	18.3	22.26	27.8	9	15.3	12.4	21	54	19.2	2	--	89	99	74	--	--	1524	6	51	9	985	10	0					
Arzúa	18.5	24	30.9	9	13.9	9.4	21	48	25.2	2	-70	86	100	64	41	186	1852	6	37	14	974	6	0					
Camariñas	18.4	20.35	26.1	9	16.4	12.9	21	24	12.7	15	-91	88	97	76	--	--	2118	15	59	11	1017	8	0					
Cariño	19.2	21.39	23.4	10	17.2	14.6	21	36	25.6	2	-71	88	97	77	--	--	1800	12	67	29	1017	4	0					
Cespón	20.4	25.31	31.8	8	16.0	11.7	29	106	48.6	30	-30	83	99	63	--	--	2061	7	41	1	1012	8	0					
CIS Ferrol	19.9	23.83	29.9	9	16.6	12.5	21	33	11.7	2	-93	83	97	65	47	219	1931	10	49	29	1014	8	0					
Corrubedo	19.5	23.73	30.8	8	16.3	13.6	21	42	16.3	2	-99	81	94	65	55	254	2191	8	48	1	1013	7	0					
Coruña-Bens	20.8	23.6	27.9	9	18.7	16.9	6	15	7.6	2	-	90	99	76	-	-	1825	11	55	29	1002	6	0					
Coruña-Dique	18.7	21.02	28.1	9	17.0	14.9	7	17	9.2	2	-	85	93	73	-	-	-	13	59	29	1015	5	0					
Coruña-Torre de Hércul	19.0	21.71	25.0	9	16.9	15.2	21	14	8.8	2	-	82	91	70	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0				
*Costa	19.7	25.01	32.2	9	15.2	11.3	28	54	30.8	2	-	86	99	66	-	-	-	3	38	18	997	7	0					
*Coto Muiño	17.8	23.13	30.6	9	12.9	8.4	21	66	13.7	30	-	89	100	69	-	-	-	2	31	11	-	11	0					
Fontecada	17.7	22.33	30.1	9	13.8	10.6	21	49	13.5	2	-84	82	93	64	--	--	1769	10	48	11	975	10	0					
*Guísamo	19.4	23.67	31.2	9	16.0	13.1	21	47	28.1	1	-	77	89	60	-	-	-	3	26	9	997	9	0					
*Lesende	19.2	23.44	30.5	9	15.4	12.0	21	52	18.6	2	-110	77	89	61	--	--	2027	8	40	29	997	7	0					
Lira	19.0	22.72	29.0	10	16.1	14.1	21	35	13.7	2	-94	83	96	66	54	242	2067	15	71	9	-	7	0					
Mabegondo	19.5	24.55	31.2	9	14.6	11.0	21	29	12.3	2	-89	87	100	68	43	199	1877	6	45	29	1006	8	0					
Malpica	17.4	20.48	22.9	14	15.2	13.4	21	46	20.4	1	-50	92	98	82	--	--	1877	16	59	29	999	9	0					
Marco da Curra	16.1	20.46	28.0	23	13.2	10.5	21	49	16.0	2	-45	90	99	73	--	--	1697	12	64	14	944	14	0					
Melide	18.3	24.14	30.0	23	13.8	8.8	21	67	22.3	2	-55	83	97	62	40	187	1885	6	44	11	963	10	0					
Muralla	16.3	20.26	27.8	9	13.3	11.2	21	135	47.0	2	51	93	100	79	--	--	1620	19	69	11	942	9	0					
*O Val	19.6	23.62	28.4	9	15.8	11.1	21	23	7.8	1	-	83	94	67	-	-	-	3	46	28	1009	8	0					
Olas	17.9	22.72	29.8	9	14.1	10.4	21	76	34.6	4	-60	88	100	67	39	183	1687	10	47	29	-	8	0					
*Ordes	18.7	23.7	30.2	9	13.9	8.9	21	60	23.1	4	-	80	93	62	-	-	-	4	31	29	985	7	0					
*Paramos	17.9	22.39	29.2	9	13.9	10.2	29	63	23.4	2	-	91	100	75	-	-	-	6	35	11	975	9	0					
*Pazo de Galegos	19.9	25.42	32.2	9	15.7	11.3	21	30	20.8	2	-100	84	98	63	--	--	1947	3	26	11	991	5	0					
Punta Candieira	17.9	20.32	25.9	23	16.1	14.2	21	41	23.2	1	-61	90	98	77	47	217	1982	23	89	12	987	8	0					
Punta Langosteira	18.6	-	-	9	16.7	14.5	21	15	9.3	2	-	90	98	81	--	--	1882	10	62	29	1015	5	0					
Río do Sol	16.2	20.25	27.5	9	13.4	10.8	28	33	7.2	1	-60	92	99	76	41	190	1784	16	56	11	955	11	0					
*Rus	18.9	23.64	29.7	9	14.1	10.3	7	8	4.0	2	-	87	99	69	-	-	-	3	45	10	1002	5	0					
Sálvora	18.8	20.96	26.6	8	17.0	15.8	21	33	14.2	1	-101	88	95	77	--	--	2353	13	50	1	-	8	0					
Santiago-EOAS	19.3	24.19	31.0	9	15.6	12.3	21	51	20.6	2	-70	83	98	64	--	--	1837	6	39	29	988	8	0					
Santiago-San Lázaro	18.8	23.07	30.5	9	15.4	12.5	21	46	18.5	2	-81	80	93	62	--	--	1945	9	44	11	982	8	-					
Sergude	19.6	24.74	32.0	9	15.4	11.0	21	39	19.8	2	-	81	97	62	38	176	1778	-	-	-	-	8	0					
Serra da Faladoira	16.3	20.73	25.5	23	13.6	10.8	21	59	33.9	2	-28	91	100	72	33	153	1625	16	66	29	952	13	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 7

Provincia Estación	T ^a C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
Lugo																									
A Pontenova	17.6	21.51	26.0	23	15.1	10.6	21	68	18.0	4	-	92	100	75	--	--	1243	12	65	29	-	-	11	0	
Abradelo	17.3	22.74	29.3	23	13.3	8.7	21	91	46.2	15	-	83	98	60	43	199	1893	-	-	-	-	-	11	0	
*Alto do Faro	15.8	20.68	26.6	23	12.2	8.2	21	21	8.3	2	-	87	99	65	-	-	-	6	33	1	923	-	10	0	
*Alto do Poio	14.3	18.71	25.2	23	10.9	7.2	29	57	21.0	15	-	86	98	66	-	-	-	8	40	13	-	-	13	0	
Ancares	14.4	18.65	24.9	23	11.1	7.6	21	29	8.8	1	-71	85	99	65	42	194	1694	11	63	1	867	-	7	0	
*Borreiros	19.5	23.5	27.4	9	15.9	11.6	21	75	39.6	2	-57	86	98	70	--	--	1501	4	45	29	1010	-	8	0	
Bóveda	19.9	26.71	32.7	23	14.5	10.4	21	10	7.0	2	-140	75	93	49	--	--	2178	5	41	14	967	-	5	0	
Burela	17.1	19.63	23.3	29	15.3	13.2	21	47	15.6	1	-29	92	98	81	25	119	1362	12	58	29	-	-	15	0	
Campus Lugo	19.3	25.15	32.6	23	15.1	11.5	21	20	8.8	4	-108	79	95	56	39	182	1890	6	41	2	971	-	5	0	
Castro R. de Lea	18.6	23.95	32.1	23	14.8	9.9	21	34	14.2	4	-	83	96	63	40	178	1781	-	-	-	969	-	7	0	
Conchada	18.8	25.75	31.7	23	13.8	10.7	21	29	9.8	15	-	83	99	58	--	--	2236	-	-	-	-	-	7	0	
Corno do Boi	16.0	21.22	28.4	23	12.9	10.2	29	46	27.8	2	-53	89	99	67	34	156	1682	10	58	14	-	-	9	0	
Courel	17.9	24.54	30.0	23	13.0	8.1	21	47	22.8	15	-98	79	97	54	51	235	2201	7	53	20	929	-	9	0	
Fontaneira	15.2	19.97	26.5	23	12.1	8.5	29	54	20.4	15	-25	89	99	70	--	--	1755	14	55	2	907	-	11	0	
Foz	19.0	22.11	25.9	29	16.4	12.4	21	65	14.6	1	-32	87	96	75	--	--	1543	8	62	29	1010	-	11	0	
Fragavella	15.2	18.42	23.0	23	12.6	7.2	21	77	15.2	15	3	93	99	78	26	121	1356	10	72	29	949	-	19	0	
Guitiriz-Mirador	16.1	21.1	28.8	23	13.1	10.1	29	38	16.8	2	-53	92	100	70	--	--	1607	9	43	1	939	-	10	0	
*Labrada	15.9	19.32	26.4	23	13.4	9.7	21	47	16.0	2	-33	91	99	76	24	92	1396	8	48	29	-	-	18	0	
*Lanzós	17.2	21.89	30.1	23	12.4	4.3	21	43	20.2	1	-	85	96	68	-	-	-	3	45	12	963	-	8	0	
*Lourenzá	19.5	23.43	28.1	30	16.4	11.8	21	100	31.0	4	-	87	98	71	-	-	-	2	38	2	-	-	11	0	
Marroxo	18.2	24.48	30.2	23	14.2	10.7	21	38	17.0	14	-86	82	97	56	40	184	1871	5	40	2	944	-	10	0	
*Míllara	20.7	27.68	34.3	23	16.1	12.6	21	49	24.5	1	-	76	93	53	-	-	-	6	39	2	-	-	4	0	
*Morelle	19.5	26.1	32.9	23	14.8	10.4	21	84	62.2	15	-52	83	98	59	--	--	1885	3	28	2	969	-	7	0	
O Cebreiro	14.6	20.53	27.3	23	10.8	6.5	29	47	14.5	15	--	--	--	65	--	--	2032	--	--	13	--	--	15	0	
O Xipro	16.7	21.98	29.1	23	12.9	8.4	21	132	106.9	15	28	90	100	65	36	167	1758	9	49	15	928	-	11	0	
*Olveda	17.5	23.37	31.1	23	13.2	9.2	29	29	13.9	7	-84	90	100	67	--	--	1851	5	30	14	-	-	9	0	
Pedro Murias	19.5	22.09	26.4	29	17.0	13.8	21	52	18.1	1	-39	92	99	81	--	--	1504	7	67	29	1012	-	14	0	
Penedo do Galo	15.9	18.8	22.6	23	14.1	11.8	29	85	37.0	2	--	94	100	83	--	--	1456	17	87	29	-	-	17	0	
Pol	16.8	21.97	29.3	23	13.4	10.3	29	44	18.8	4	-	87	100	65	39	181	1809	-	-	-	943	-	11	0	
Portomarín	19.1	25.64	32.2	23	14.5	10.4	21	20	8.2	2	-	82	98	56	36	166	1702	-	-	-	966	-	4	0	
Sambreixo	17.8	23.26	30.4	23	13.6	8.8	21	38	17.6	2	-	82	95	61	37	160	1718	-	-	-	-	-	6	0	
*San Clodio	21.4	28.09	34.6	23	15.7	10.9	21	27	8.6	13	-	76	97	50	-	-	-	3	26	31	987	-	6	0	
*San Fiz	19.6	25.16	31.2	23	15.6	12.1	21	42	27.0	14	-100	79	94	56	--	--	2114	3	30	30	972	-	4	0	
Ventosa	16.2	21.49	28.6	23	12.1	6.5	21	99	24.9	15	-5	86	98	66	--	--	1815	7	48	1	915	-	14	0	
*Vilamor	19.4	22.88	26.9	30	16.5	11.5	21	56	16.3	1	-27	80	90	66	--	--	1439	3	51	29	-	-	12	0	
*Xabrega	20.3	27.27	32.9	23	15.4	10.9	21	34	23.4	15	--	75	93	47	--	--	1927	4	52	1	980	-	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	17.5	23.54	28.0	10	11.9	9.2	30	24	13.6	1	-133	74	94	51	--	--	2417	9	48	11	903	5	0					
*A Portela	21.5	28.86	34.3	23	15.8	11.7	21	24	10.4	6	-142	70	94	41	--	--	2266	4	33	13	-	5	0					
*A Trabe	19.0	24.79	29.5	10	13.8	10.9	29	63	46.3	1	-102	72	91	49	--	--	2458	4	27	30	929	4	0					
Alto do Rodicio	16.1	21.24	27.0	23	12.1	7.5	21	101	75.3	7	-24	87	100	64	51	233	2170	10	45	7	907	13	0					
Amiudal	18.5	24.41	30.8	9	14.3	10.9	21	30	11.7	2	-109	78	94	55	48	224	2095	8	42	13	954	3	0					
As Petarelas	19.7	26.88	32.5	23	13.8	9.7	21	29	8.3	20	-	74	96	46	57	263	2344	-	-	-	-	7	0					
Baltar	17.5	24.34	29.4	25	11.0	6.5	29	23	8.8	13	-120	79	100	47	55	251	2229	4	43	23	926	5	0					
Cabeza de Manzaneda	12.1	15.26	19.8	9	9.4	6.2	4	86	17.8	15	-19	86	100	62	--	--	2021	13	52	2	828	10	0					
*Calvos	16.2	22.64	28.1	10	9.4	3.3	21	10	3.1	1	-119	86	100	61	--	--	2136	6	42	1	-	8	0					
Casaio	15.8	20.25	25.2	23	11.9	9.7	21	68	22.5	15	-	78	97	57	-	-	-	5	45	13	-	8	0					
*Corzos	15.4	21.2	25.9	23	10.2	7.2	21	39	8.2	1	-	82	96	59	-	-	-	5	35	11	-	11	0					
Entrimo	18.0	24.23	30.8	9	12.8	8.9	29	35	10.6	1	-	83	98	61	--	--	2127	-	-	-	-	9	0					
*EVEGA Leiro	21.6	29.59	35.5	9	15.1	9.5	21	19	12.0	1	-	71	93	43	-	-	-	1	30	13	--	3	0					
Gandarela	18.9	26.05	31.8	10	14.1	10.3	29	21	15.1	13	-120	80	97	56	48	221	2129	5	38	2	946	5	0					
Lardeira	13.6	18.84	23.6	25	10.0	7.4	3	53	14.9	15	-59	87	100	64	49	204	2098	13	69	11	841	9	0					
*Larouco	20.0	26.36	31.4	23	15.0	10.7	21	51	17.1	7	-	69	87	44	-	-	-	3	36	29	957	8	0					
Laza	19.9	27.05	32.4	23	14.1	11.4	21	13	5.2	1	-151	72	94	43	--	--	2369	6	39	4	-	4	0					
Monte Medo	18.6	24.7	30.7	23	13.8	10.3	21	14	5.2	6	-	79	97	53	--	--	2140	-	-	-	-	8	0					
O Invernadeiro	16.8	24.5	30.3	10	9.9	5.1	29	58	25.4	1	-114	78	99	50	60	274	2356	8	40	29	903	6	0					
Ourense	22.0	29.11	34.5	10	16.7	11.1	21	25	14.8	6	-	67	88	41	-	-	-	-	-	-	-	6	0					
Ourense-Estacións	22.5	29.29	36.3	9	17.3	12.3	21	11	4.5	13	-148	66	87	42	53	243	2185	5	35	14	1002	4	0					
*Pazo de Fontefiz	19.9	25.99	31.8	10	15.4	11.8	21	24	14.7	14	-117	72	89	50	--	--	2184	5	34	14	970	6	0					
*Ponte Boga	19.6	25.67	31.3	9	15.1	11.8	21	88	53.3	15	-58	71	87	48	--	--	2083	4	30	2	963	11	0					
*Prado	21.4	28.39	34.3	10	15.7	10.2	21	16	8.2	1	-	73	92	49	-	-	-	2	25	30	1002	3	0					
Remuíño	21.8	30.77	37.9	9	15.6	11.1	21	18	7.2	1	-110	74	95	45	--	--	2040	3	37	11	-	5	0					
*Riós	18.8	25.05	30.2	9	13.4	10.8	29	21	15.1	1	-144	75	96	49	--	--	2495	5	30	4	-	3	0					
San Xoán de Río	16.1	21.55	27.6	23	12.1	6.9	21	46	21.5	13	-78	87	100	61	--	--	2137	12	41	13	902	8	0					
Serra do Eixe	15.4	20.53	25.5	23	11.5	8.5	21	48	17.0	11	-81	87	100	63	--	--	2271	11	59	1	881	10	0					
Verín-Vilamaior	20.4	27.58	32.6	10	14.5	11.7	5	8	6.8	1	-165	71	92	44	64	291	2473	6	37	19	955	2	0					
Verín-Vilela	20.6	28.53	33.8	25	12.8	8.3	22	5	4.7	1	-165	74	98	45	66	292	2468	4	35	6	-	4	0					
Viana do Bolo	18.1	25.14	30.1	10	12.3	9.1	21	37	15.0	1	-114	79	98	52	--	--	2336	6	36	2	921	7	0					
Xares	12.9	16.99	21.4	10	9.5	6.8	5	87	39.2	6	-28	84	98	62	--	--	2077	7	49	1	828	9	0					
Xinzo	18.4	24.97	30.2	23	12.7	7.3	21	38	31.8	14	-100	82	100	55	42	156	2158	7	41	30	946	5	0					
Xurés	16.2	21.28	26.8	9	12.0	8.2	4	36	13.9	7	-99	83	98	62	56	259	2286	10	56	23	899	8	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	18.3	23.08	30.1	8	14.0	9.8	21	53	26.4	1	-79	78	87	67	--	--	2038	5	39	2	-	-	-	7	0			
A Granxa	20.7	26.76	33.3	9	14.6	10.6	29	34	22.2	2	-111	79	97	57	--	--	2186	4	33	4	1013	-	-	3	0			
A Lanzada	19.7	23.78	30.9	8	16.2	13.6	28	37	20.6	1	-105	84	95	67	--	--	2292	12	49	1	-	-	-	5	0			
*Areas	20.5	27.42	33.6	9	15.1	11.2	29	27	9.8	30	-	80	97	56	-	-	-	1	21	13	-	-	-	4	0			
*Areiro	19.8	23.89	29.8	8	16.0	12.3	29	23	16.9	1	-	81	94	66	-	-	-	3	32	11	1008	-	-	5	0			
*As Eiras	19.8	24.76	30.8	22	14.6	10.6	29	15	7.2	1	-116	82	98	61	56	208	2237	3	31	23	1012	-	-	6	0			
Cabo Udra	19.3	22.33	26.6	8	16.8	14.7	29	20	12.5	1	-116	86	96	73	--	--	2274	11	60	1	-	-	-	5	0			
Caldas de Reis	19.1	24.35	31.5	9	15.4	12.7	21	57	21.7	1	-77	83	97	64	49	220	2052	7	45	11	987	-	-	9	0			
*Camanzo	19.9	25.11	32.1	9	15.6	11.6	21	41	14.4	2	-85	80	95	61	--	--	1860	4	36	30	993	-	-	6	0			
Cangas-Porto	19.5	22.14	27.3	8	17.2	14.7	29	21	12.3	1	-	81	91	67	-	-	-	8	52	11	-	-	-	5	0			
Castro Vicaludo	17.8	22.13	30.0	22	14.9	12.4	29	30	14.0	1	--	87	98	73	--	--	2102	11	64	1	962	-	-	7	0			
Castrove	18.3	23.2	30.3	9	14.5	11.2	29	63	23.3	30	-62	85	98	68	48	222	2010	8	58	31	968	-	-	8	0			
*Cequeliños	21.3	28.49	35.7	9	16.1	13.1	21	28	10.6	2	-130	74	94	48	--	--	2213	5	32	2	-	-	-	7	0			
Corón	19.9	23	29.2	8	17.4	15.0	21	50	20.0	1	-103	79	90	65	61	284	2364	14	50	11	1016	-	-	7	0			
*Entenza	20.7	26.77	33.8	9	15.3	11.9	29	20	12.8	2	-121	79	98	56	--	--	2102	1	25	11	-	-	-	3	0			
Fornelos de Montes	17.0	20.89	28.1	9	13.7	10.5	29	70	37.2	2	-47	84	96	68	--	--	1988	10	58	1	937	-	-	6	0			
Illas Cíes	19.1	22.19	26.3	8	16.6	14.3	29	14	10.3	1	-120	86	97	72	--	--	2225	9	55	1	-	-	-	3	0			
Lalín	17.9	23.14	29.9	9	13.9	10.9	29	28	7.7	1	-	83	97	61	-	-	-	7	35	1	-	-	-	9	0			
*Louredo	19.1	24.23	29.9	10	14.9	11.8	29	17	14.5	1	-	87	99	68	-	-	-	2	22	11	989	-	-	2	0			
Lourizán	19.6	23.56	29.5	8	15.9	11.6	29	32	15.3	1	-116	87	100	68	--	--	2094	3	30	3	1011	-	-	8	0			
Lourizán	19.6	23.56	29.5	8	15.9	11.6	29	32	15.3	1	-116	87	100	68	--	--	2094	3	30	3	1011	-	-	8	0			
*Meder	20.8	26.72	33.8	9	15.9	12.6	21	29	13.9	1	-	71	88	51	-	-	-	1	20	23	1000	-	-	6	0			
Monte Aloia	18.2	23.38	32.5	10	14.4	11.0	29	43	16.5	1	--	87	100	69	40	186	1719	7	42	1	962	-	-	6	0			
Mouriscade	18.2	23.76	30.4	9	13.3	8.7	29	26	8.4	1	-101	81	91	67	43	201	1970	5	44	13	960	-	-	6	0			
O Viso	19.6	25.99	32.9	22	14.8	11.2	29	34	12.6	30	-91	80	95	59	--	--	2001	7	44	2	986	-	-	7	0			
Ons	18.4	21.18	25.5	8	16.3	14.2	21	32	20.0	1	-99	90	99	76	--	--	2434	14	57	1	1003	-	-	5	0			
*Pé Redondo	20.2	25.02	31.7	8	16.2	13.3	21	47	26.6	1	-78	83	96	66	--	--	1873	1	32	29	-	-	-	7	0			
Pereira	16.7	21.5	28.1	9	12.8	9.9	21	58	21.2	2	-	90	100	72	46	214	1997	-	-	-	936	-	-	14	0			
*Ponte Caldelas	18.7	23.13	30.0	9	14.3	9.9	29	46	15.8	2	-86	78	92	62	--	--	2032	4	31	20	976	-	-	7	0			
Pontevedra-Campolongo	21.1	26.17	31.5	8	16.9	12.9	29	35	17.3	1	-	77	93	58	-	-	-	2	31	20	-	-	-	8	0			
Porto de Vigo	20.4	23.08	27.4	22	18.2	16.7	29	22	12.8	1	-123	83	94	70	--	--	2307	11	53	11	1015	-	-	5	0			
Queimadelos	19.7	26.39	32.9	9	15.4	12.0	29	36	17.2	2	--	79	94	59	--	--	1768	-	25	11	975	-	-	5	0			
Rebordelo	18.2	23.71	31.0	9	12.6	7.6	29	44	15.1	1	-	85	99	65	49	227	1999	-	-	-	976	-	-	8	0			
Sanxenxo	19.9	23.58	31.3	8	16.8	15.2	29	28	16.0	1	-110	80	93	64	51	226	2101	4	37	1	1014	-	-	5	0			
Serra do Faro	15.6	20.28	26.8	10	12.1	8.4	29	41	14.5	2	-70	86	98	67	42	194	1927	14	49	20	906	-	-	9	0			
*Simes	19.9	25.37	31.5	8	14.9	11.6	21	39	18.9	1	-	82	96	62	--	--	2144	-	-	-	-	-	-	11	0			
*Soutomaior	19.8	24.51	30.2	8	15.7	12.4	29	27	9.5	30	-	76	92	58	-	-	-	2	25	4	997	-	-	5	0			
*Torrequeintás	20.3	24.93	32.7	8	16.2	11.9	29	46	25.2	1	-93	73	87	56	--	--	2007	4	34	30	1009	-	-	6	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
*Tremoedo	19.7	23.79	30.4	8	15.7	11.2	29	52	24.2	1	-	82	96	65	-	-	-	3	36	1	1009	7	0		
Vigo	20.0	23.98	28.1	8	16.6	14.1	21	14	7.8	1	-	79	93	64	-	-	-	-	-	-	-	5	0		
Vigo-Campus	17.9	21.13	27.0	9	15.2	12.9	29	23	7.9	1	-116	83	98	65	59	247	2229	5	52	1	964	6	0		
Xesteiras	16.0	19.93	28.0	9	13.1	10.1	29	86	29.4	2	-	89	99	73	-	-	-	19	73	11	-	10	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.